



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Traballo Social

Curso Académico: Curso 2019-2020

■ [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

■ [Cumprimento do proxecto establecido](#)

■ Dimensión 1. A xestión do título

■ [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)

■ [Criterio 2. Información e transparencia](#)

■ [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)

■ Dimensión 2. Recursos humanos

■ [Criterio 4. Recursos Humanos](#)

■ [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)

■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe

■ [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)

■ [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

■ [Modificacións do plan de estudos](#)

■ [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ Plan de Melloras

■ Abertas Curso 2019-2020

■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

■ [AM-1](#)

■ Finalizadas Curso 2019-2020

■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

■ Abertas Curso 2020-2021

■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

■ [AM-1](#)

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Traballo Social
Mencións/Especialidades	-
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Escola Universitaria de Traballo Social
Centro/s onde se imparte	Escola Universitaria de Traballo Social
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	-
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número máximo de alumnado matriculado na titulación no curso 2019-2020 foi de 302 (IN02G), 20 máis que no curso anterior e sendo o valor máis alto desde o curso 2014-2015. Nos últimos catro cursos vense experimentando un incremento da matrícula na titulación, sendo este importante nos dous últimos con 18 e 20 persoas máis.

Ao igual que en cursos anteriores ofertáronse 80 prazas de novo ingreso (IN01G), o número máximo autorizado, e 5 para o Curso de adaptación ao grao.

Matriculáronse por primeira vez na titulación 85 alumnas e alumnos (IN03G), catro matrículas novas menos que no curso 2018-2019 sendo a variación de matrícula de inicio de novo ingreso por preinscrición de -8,1 (IN05G).

Das 85 novas matrículas 5 correspóndese ao Curso de adaptación ao grao (Curso Ponte).

Segundo datos dispoñibles polo propio centro dentro do Curso de adaptación ao grao ingresaron 5 alumnas cubríndose todas as prazas ofertadas, máis dúas persoas renunciaron á matrícula. En total matriculáronse 4 persoas no *Curso Ponte*, as 3 de novo ingreso (unha con matrícula a tempo parcial) e 1 que continua estudos.

O feito de que nos últimos catro cursos a matrícula de novo ingreso sexa superior ou axustado ás prazas ofertadas é indicativo do interese por cursar a titulación, e en parte pode deberse ao efecto das accións de divulgación da mesma que se veñen realizando.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Prazas ofertadas IN01G	80,00	80,00	80,00	80,00	80,00
Matrícula IN02G	272,00	254,00	264,00	282,00	302,00
Matrícula de acceso IN03G	63,00	81,00	87,00	89,00	85,00
Matrícula de novo ingreso por preinscrición IN04G	62,00	77,00	83,00	86,00	79,00
Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición(%) IN05G	-4,62	24,19	7,79	3,61	-8,1

A nota media de acceso por preinscrición á titulación do alumando que inicia estudos ten unha tendencia á alza nos últimos seis cursos, dando un salto cualitativo importante nos dous últimos con notas medias por encima de 7 (IN06G). En 2018-2019 a nota media foi 7,35 e en 2019-2020 o foi de 7,78 polo que se produxo un incremento de case medio punto (0,43).

Relevante é tamén o incremento da porcentaxe de estudantes de novo ingreso que acceden por prescrición á titulación con puntuación igual ou superior a seis, que se incrementa en 11,32 puntos pasando do 82,35% a 93,67% (IN07G). Este incremento é unha tendencia nos últimos tres cursos con aumentos sucesivos de 11,62 - 12,84 - 11,32 puntos, e determina un perfil de estudante que de forma moi maioritaria ven accedendo ao grao con nota superior a 6.

Os estudantes preinscritos en primeira opción e que se matricularon en relación ás prazas ofertadas foi do 62,50% (IN010G), é dicir que solicitaron en primeiro lugar esta titulación e neste centro. Dito valor descendeu en 7,5 puntos respecto ao curso anterior e 5 respecto ao anterior a este último, rompéndose así a tendencia dos tres últimos anos académicos. Este dato debería ser obxecto de especial seguimento pois o interese é ter un perfil de alumnado co maior valor posible en canto a matricularse na primeira opción de preinscrición.

Dos estudantes matriculados no grao no curso obxecto de análise so o 0,33% (IN08G) son estranxeiros, sen contabilizar o alumnado de programas de mobilidade entrante. Este valor é o máis baixo dos últimos cinco cursos, e descende en 1 punto ao respecto do curso anterior.

No curso 2019-2020 o alumnado nacional de fora de Galicia ao respecto do alumnado matriculado no grao foi o 1,99% (IN09G). Este valor é o máis baixo dos últimos catro cursos e descendeu en relación ao curso anterior en 0,85. Baixa do 2%, un valor que se acadara nos tres cursos anteriores, e rómpese a dinámica que se viña mantendo desde o curso 2016-2017.

A taxa de ocupación foi do 98,75% (IN12G), reflexa o número de estudantes de novo ingreso por preinscrición (79, IN04G) en relación ás prazas ofertadas (80, IN01G). Este valor descendeu ao respecto dos dous cursos inmediatamente anteriores (-8,75 puntos e - 5 puntos), muda a tendencia a alza dos tres últimos cursos.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Nota media de acceso por preinscrición (5-14) IN06G	6,48	6,50	6,72	7,35	7,78
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%) IN07G	61,29	57,89	69,51	82,35	93,67
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%) IN08G	1,10	0,39	1,14	1,42	0,33
Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%) IN09G	1,47	2,36	2,27	2,84	1,99
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) IN10G	60,00	63,75	67,50	70,00	62,50
Taxa de ocupación (%) IN12G	77,50	96,25	103,75	107,50	98,75

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

O desenvolvemento do curso 2019-2020 vai a estar marcado por ter no seu segundo cuadrimestre que pasar de impartirse docencia presencial a docencia en remoto a partires de mediados de marzo de 2020, motivado isto pola declaración do Estado de Alarma polo Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo (BOE nº 67, 14-03-2020) para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, e o conseguinte confinamento domiciliario.

O Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo contempla a suspensión da actividade educativa presencial en todos os niveis de ensinanza e dispón a continuidade da docencia a través das modalidades a distancia e "on line" sempre que resulte posible, e xa previamente a Consellería de Sanidade da xunta de Galicia ditara o 12 de marzo unha Resolución na que se suspendía a actividade académica no ámbito universitario (DOG nº 49-bis, 12 de marzo 2020), o que vai supoñer unha ruptura ao respecto do normal desenvolvemento do segundo cuadrimestre.

O primeiro cuadrimestre do curso 2019-2020 desenvolveuse con normalidade, axustado á Memoria de Título e a súa modificación en 2017 cumprindo o sinalado no Informe de Acreditación de 2016(Informe favorable ACSUG 4 de abril de 2018).

Sinalar en relación ás materias optativas que no primeiro cuadrimestre do curso 2019-2020 das ofertadas non se impartiu por carecer de matrícula suficiente *A Investigación Cualitativa en Traballo Social*, e no segundo cuadrimestre activouse de novo a materia *Traballo Social e Adicións* en substitución da anterior. Ofertouse so para repetidores *Servizos Sociais e Novas Tecnoloxías* así como *Tecnoloxías da Comunicación e da Información en Traballo Social*.

O segundo cuadrimestre desenvolveuse presencialmente segundo o previsto ata o 13 de marzo, nese momento a docencia pasou a ser impartida en remoto e tiveron que facerse modificacións nas Guías académicas para axustarse ás Resolucións da USC e dar cobertura legal á modalidade de docencia "on line" e aos axustes do plan de estudos que foi necesario realizar.

Ademais da difusión da propia USC, desde o centro estableceuse que durante o período de docencia on line toda a información relevante que chegase ao centro, ou a que xenerase este, fose difundida o máis amplamente posible aos grupos de interese que correspondera dentro da comunidade universitaria do centro, para garantir a maior difusión posible.

Segundo datos do Informe de Coordinación 2019-2020, neste curso matriculáronse para realizar o *Traballo de Fin de grao* 65 persoas baixo a titoría de 9 docente, das que 58 defenderon o seu traballo. Delas 3 o fixeron na convocatoria de febreiro, 37 en xuño-xullo (2 do Curso Ponte), e 18 en setembro (1 do Curso Ponte).

En canto ao procedemento para a presentación e defensa dos Traballos de Fin de grao nas *Directrices para a organización da docencia e da avaliación* (27/04/2020), e conforme á *Resolución Reitoral do 27 de marzo* e o *Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril*, introducíronse unha serie medidas de carácter extraordinario, aplicables unicamente ao curso 2019-2020, e que afectaban tanto aos requisitos esixidos como ao procedemento, destacando con independencia do que establecera o *Regulamento do Traballo de Fin de Grao en Traballo Social*, a posibilidade de dúas modalidades de defensa polas que podía optar o alumnado, facéndoa constar na súa solicitude de defensa, defensa diante dun tribunal ou defensa diante só do /a titor/a.

Dentro das dúas modalidades contempladas de defensa por medios telemáticos no segundo cuadrimestre, optaron por facelo diante só do/a titor/a 40 alumnas/os e 18 diante de tribunal.

Sobre a participación do alumnado en programas de intercambio, segundo datos do propio centro foi a seguinte:

- **Programa Sicue:** Preséntanse 12 solicitudes. A USC non aceptou a dous alumnos/ as por non reunir os requisitos da convocatoria (ter 45 créditos superados a 15/11/2018). Dos 10 alumnos/ as aceptados, asígnaselle destino a 9 porque no caso da décima, non quedan vacantes en ningún dos destinos solicitados. Dos 9 alumnos/ as con destino asignado, dous renuncian á praza de mobilidade antes do 31 de xullo polo que son 7 alumnos/as

os que asinan acordos de estudos para a súa estancia, 6 con estancia durante todo o curso e 1 con estancia durante o primeiro cuadrimestre. As estancias do alumnado Sicue foron: 2 na Universidade Complutense de Madrid, 1 na Universidade de Alacante (só 1º cuadrimestre), 1 na Universidade de Zaragoza, 1 na Universidade das Illas Baleares, 1 na Universidade de Málaga e 1 na Universidade Pablo de Olavide de Sevilla.

Así mesmo, solicitan realizar unha estancia dentro deste programa 3 alumnos/ as procedentes das Universidades de Alacante, Pablo Olavide de Sevilla e Málaga (esta última renuncia antes de asinar acordo). Asinan acordo e acoden á EUTS a cursar estudos 2 alumnos/ as, unha alumna procedente da Universidade de Alacante todo o curso (ampliou estancia, inicialmente era só un cuadrimestre) e un alumno procedente da Universidade Pablo de Olavide de Sevilla durante todo o curso.

- **Programas Bilaterais:** 8 alumnas da EUTS solicitaron participar neste programa. Só a 1 delas non se lle asigna na USC destino ao estar todas as prazas ocupadas . Das 7 que quedan, dúas renuncian e a 5 asígnanlle destino. A estas 5 alumnas asígnanselle os seguintes destinos: 2 na Universidade Concepción en Chile no 2º cuadrimestre, 1 alumna na Universidade Pontificia Católica de Chile no primeiro cuadrimestre, 1 alumna na Universidade Católica de Valparaíso en Chile no primeiro cuadrimestre e 1 alumna na Universidade Autónoma de Novo León en México no segundo cuadrimestre.

Ante os problemas de orde pública acontecidos en Santiago de Chile a partir de outubro de 2019 que levaron á suspensión das clases nas universidades da cidade, o Servizo de Relacións Exteriores da USC ofrece, ao alumnado con estancias en Universidades da capital, a posibilidade de cambiar de destino. As dúas alumnas con destino na Universidade Concepción de Santiago de Chile acóllense a esta posibilidade e son aceptadas na Universidade Autónoma de Novo León (México).

Dentro deste programa, recibíronse a 4 alumnos/ as (1 durante o 1º cuadrimestre e 3 durante o 2º cuadrimestre). 1 alumno procedente do Instituto Profesional Santo Tomás de Chile (1º cuadrimestre), 2 alumnas procedentes da Universidade Santo Tomás de Chile e 1 alumna procedente da Universidade Autónoma de Novo León de México. Todos eles cursaron materias de 3º curso.

Unha alumna máis procedente da Universidade Católica de Valparaíso (Chile), foi admitida no programa pero renunciou á praza de mobilidade.

- **Programa Erasmus:** ningún alumno/a da EUTS participou no programa neste curso. Dentro deste programa recibimos, para cursar materias do primeiro cuadrimestre, a unha alumna procedente da Hochschule de Neubrandenburg (Alemaña).

A porcentaxe de estudantes recibidos nesta titulación procedentes doutras universidades, dentro dos programas de mobilidade, en relación ao alumnado matriculado no título danos unha participación do 2,32 % (IN18G), un valor lixeiramente inferior ao curso anterior.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (%) IN17G	1,47	2,36	1,14	-	-
Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (%) IN18G	1,47	3,94	4,55	2,48	2,32

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Ademais dos órganos colexiados, contémplanse funcións de coordinación a través de órganos persoais como son a coordinadora de título, de practicum, de traballo de fin de grao, dos diferentes cursos, e das materias compartidas. Así mesmo hai establecidas coordinacións para distintos programas como son: A Ponte, Sicue, Erasmus e Acordos Bilaterais...

A coordinación académica desenvólvese en grande medida a través da Comisión de Título, e no curso 2019-2020 celebráronse 17 reunións. Aquelas que se celebraron durante o confinamento realizáronse a través de teams , e no período posterior tamén se utilizou esta aplicación por estar parte do persoal teletraballando, a representación do alumnado sen presenza física no centro,e atendendo ás recomendación sanitarias e Resolucións da USC en canto á facer on line as reunións sempre que fose posible como medida de prevención de posibles contaxios.

No segundo cuadrimestre debido ao paso de docencia presencial a docencia en remoto foi necesario incrementar a comunicación entre os distintos grupos que compoñen a comunidade docente do centro, fundamentalmente a través do correo electrónico. O obxectivo foi que o alumnado acadase as competencias sinaladas no plan de estudos independentemente da modalidade de docencia. Así consta no Informe de Coordinación do Título para 2019-2020 presentado na Comisión de Título de 30 de outubro de 2020.

Na Comisión de Título arriba indicada, a Coordinadora de título no contido do seu Informe de Coordinación 2019-2020 fai unha referencia ao desenvolvemento do Practicum neste curso.

Asinaronse ao longo do curso 2019-2020 un total de 26 convenios de colaboración para a realización de prácticas externas, dos que 7 son novos e 19 son renovacións e /ou actualizacións, segundo datos extraídos das Memorias anuais da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais para o citado período.

	2019	2020
Provincia de A Coruña	3	9
Provincia de Lugo	--	1
Provincia de Ourense	--	2
Provincia de Pontevedra	1	3
Autonómicos	2	5
TOTAL	6	20

No curso académico 2019-2020 realizaron as prácticas 53 alumnos/as, tres das alumnas no primeiro cuadrimestre e as outras 50 persoas no segundo cuadrimestre.

En canto á realización de prácticas en distintos servizos e institucións os datos aportados son os seguintes:

- **Practicum 1º cuadrimestre**

No primeiro cuadrimestre matriculáronse 3 alumnas no Practicum. A oferta de 18 centros de prácticas fíxose pública o 8 de xullo de 2019, o que supón unha media de 6 centros por alumno/a.

Provincias	Nº de centros ofertados
A Coruña	14
Lugo	2
Ourense	2
Total	18

- **Practicum 2º cuadrimestre**

O número de alumnos/as que fixeron prácticas no segundo cuadrimestre foi de 50, ofertáronse en total 190 centros de prácticas nas distintas provincias galegas, o que se corresponde cunha media de 3.8 centros ofertados por alumno/a que realizou prácticas. A seguinte táboa mostra a distribución dos centros por provincias.

Provincia	Nº de centros
A Coruña	110
Lugo	16
Ourense	13
Pontevedra	51
Total	190

Os/as 50 alumnos/as aos que se lles asigna centro, se distribúen por provincias como se mostra a continuación.

Provincia	Nº de alumnos/as
A Coruña	42
Lugo	--
Ourense	2
Pontevedra	6
Total	50

As prácticas no servizo tiveron o seu inicio o 30 de xaneiro e a data de finalización era o 14 de maio de 2020, segundo o establecido no calendario da USC. Debido a crise sanitaria provocada pola COVID 19 interrompéronse nos servizos e centros de Galicia o 13 de marzo de 2020, dándose por realizadas en consonancia coa Resolución Reitoral do 27 de marzo de 2020, sobre as prácticas académicas externas do curso 2019/2020, ao estar realizadas en máis do seu 50%.

Realizaron prácticas externas o 91,38% (IN22G) do alumnado egresado no curso obxecto de análise, o que supón 6,3 puntos menos que o curso anterior e o valor máis baixo dos últimos cinco cursos. Dado que as prácticas son de realización obrigatoria para poder completar estudos, derivase deste dato que un 8,62% do alumnado egresado neste curso realizara as prácticas externas no curso ou cursos anteriores e tiñan pendentes de superar outras materias.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións (%) IN22G	93,75	96,15	98,04	97,73	91,38

Non se dispón de datos referidos á satisfacción do alumnado coas prácticas externas nos indicadores aportados desde a Área de calidade e mellora dos procedementos. A sí mesmo en cursos anteriores na última titoría individual do practicum, o alumnado avaliaba ás titoras académicas a través dunha enquisa propia da EUTS, no curso 2019-2020 non foi doado facer a mesma, xa que non houbo titorías presenciais a partir do 13 de marzo, polo estado de alarma acaecido pola COVID 19 e o consecuente confinamento derivado do mesmo.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nos últimos catro cursos académicos a matrícula de novo ingreso é axustada ou lixeiramente superior ao número de prazas ofertadas. Con unha matrícula de novo ingreso por preinscripción de 79 persoas (IN04G) no curso analizado, a taxa de ocupación é de 98,75% (IN12G) o que supón unha baixada de 11,75 e 5 puntos menos que os dous cursos inmediatamente anteriores, descendo que debe ser obxecto de observación por si é necesario tomar medidas para deter a caída deste valor.

A nota media de acceso de 7,78 (IN06G) o valor máis alto dos últimos cinco cursos. O 93,67 %8 (IN07G) deste alumnado accede á titulación con unha puntuación igual ou superior a 6, e o 62,05% (IN10G) preinscribese no grao en primeira opción.

Estes valores reflexan que unha maioría do alumnado quere estudar traballo social, e facelo en este centro, e que accede con unha nota media elevada, polo que se pode concluir que os criterios de admisión e o perfil son acordes ao establecido na Memoria de verificación do título.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-9	2019-20
Prazas ofertadas IN01G	80,00	80,00	80,00	80,00	80,00
Matrícula de acceso IN03G	63,00	81,00	87,00	89,00	85,00
Matrícula de novo ingreso por preinscripción IN04G	62,00	77,00	83,00	86,00	79,00
Variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción(%) IN05G	-4,62	24,19	7,79	3,61	-8,1
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) IN10G	60,00	63,75	67,50	70,00	62,50

Taxa de ocupación (%) IN12G	77,50	96,25	103,75	107,50	98,75
Nota media de acceso por preinscripción (5-14) IN06G	6,48	6,50	6,72	7,35	7,78
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%) IN07G	61,29	57,89	69,51	82,35	93,67

Das 85 persoas matriculadas por primeira vez a maioría (67) accede desde PAAU, 10 o fan desde Formación profesional, e 5 dentro das prazas asignadas a titulados. Este último o valor máis alto dos 5 últimos cursos.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-9	2019-20
Matricula de acceso IN03G	63,00	81,00	87,00	89,00	85,00
Continuación estudos (traslado)	4,00	5,00	6,00	6,00	3,00
Formación Profesional	9,00	3,00	14,00	9,00	10,00
Maiores 25 anos	0,00	0,00	0,00	1,00	0,00
PAAU	49,00	70,00	42,00	72,00	67,00
Titulados	1,00	2,00	1,00	2,00	5,00

O centro realiza unha enquisa propia ao alumnado de primeiro curso para ter a referencia de como obteñen información sobre a titulación. O seu resultado forma parte do Informe de Coordinación 2019-2020- Cumprimentaron a enquisa 71 alumnos/as, dos que 41 solicitaron o ingreso nesta titulación e neste Centro como primeira opción.

Os principais canles de coñecemento dos estudos foron a consulta en Internet (por iniciativa propia) un 28,1% seguido de a través de familiares con un 25,0%. En terceiro lugar, sitúanse os/as amigos/as como informantes con un 20,8 %.

A maioría (68) manifestaron non ter dificultades para obter información sobre o centro. Non obstante, 3 persoas consideraban que debía mellorarse a información respecto á matrícula e inscrición no centro, o sistema de pagos, a información na páxina web,...

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

O curso desenvolveuse conforme é normativa da USC, e as instrucións que esta publica así como a MVT xa modificada (Informe favorable ACSUG 4 de abril de 2018). Máis no seu segundo cuatrimestre so se desenvolveu presencialmente segundo o previsto ata o 13 de marzo, nese momento a docencia pasou a ser impartida en remoto e tiveron que facerse modificacións para axustarse ás Resolucións da USC e dar cobertura legal á modalidade de docencia "on line" e aos axustes do plan de estudos que foi necesario realizar:

- Resolución reitoral do 23 de marzo de 2020, sobre modificación das guías docentes como consecuencia da suspensión temporal da actividade docente
- Resolución reitoral de 27 de marzo de 2020 sobre medidas de carácter extraordinario en relación ás prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) do curso 2019-2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria.

- Resolución reitoral do 7 de abril sobre a suspensión da docencia presencial polo que resta de período lectivo do 2º semestre do curso 2019-2020 e establece as obrigas docentes con respecto á docencia non presencial.
- Acordo do Consello de Goberno da USC de 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID 19.
- Directrices para a organización da docencia e a avaliación do curso 2019-2020 – Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola COVID-19, que desenvolven, de xeito operativo, o acordo do Consello de Goberno de 22 de abril de 2020.
- Resolución reitoral de 4 de maio de 2020 polo que se acordan determinados cambios nos prazos de matrícula como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID 19.
- Instrución do 20 de maio de 2020 da Vicerreitoría de Organización Académica, de desenvolvemento da resolución reitoral de 27 de marzo de 2020 sobre as prácticas académicas externas.
- Instrución da Secretaría Xeral 2/2020 para a aplicación do artigo 4.3 do acordo do Consello de Goberno de 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19 (Maio 2020)
- Instrución 3/2020 de Secretaría Xeral sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-2020
- Instrución 4/2020 da Secretaría Xeral relativa ao adiamento de defensa dos traballos de fin de estudos e da realización de prácticas no curso 2019-2020 (5 de xuño de 2020)

Por parte do centro, foron elaborados e/ou aprobados os seguintes documentos que recollían as especificacións indicadas nas regulacións da USC:

- Grao en Traballo Social – Réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19 (24/04/20)
- Modalidades de avaliación na EUTS (27/04/20)
- Procedemento defensa TFG na EUTS (19/05/20), aprobado en Comisión Delegada de Xunta de Centro o 18 de maio
- Indicacións desenvolvemento probas finais telemáticas EUTS no curso 2019-2020 (01/06/20)

Na *Resolución Reitoral do 23 de marzo de 2020 sobre modificación das guías docentes* como consecuencia da suspensión temporal da actividade docente presencial, indicábase que o profesorado tiña que realizar modificacións das guías-programa para adaptalas á nova situación derivada da suspensión da docencia presencial. Ditas modificacións afectaban a contidos, planificación, metodoloxía e bibliografía básica, e así mesmo tiñan que comunicarse ao alumnado antes do 30 de marzo de 2020, e realizar os cambios na Secretaría Virtual do docente.

Na *Instrución para a modificación das guías docentes de acordo co establecido na Resolución Reitoral do 23 de marzo de 2020*, da Vicerreitoría de Organización Académica, establecíase que a incorporación das modificacións das guías docentes en Xescampus por parte do profesorado tiña que facerse exclusivamente no apartado de “Observacións”, e o prazo para incorporalas á Secretaría Virtual do profesor estaría aberto ata o día 13 de abril, para a continuación comunicar á coordinadora de título a actualización dos programas, e proceder a súa aprobación por parte do centro antes do 30 de abril.

Na Comisión Delegada de xunta de Centro de 28 de abril de 2020 a Coordinadora de Título informou que estaban todas as guías-programa das materias do segundo cuadrimestre actualizadas na Secretaría Virtual, e tamén dou conta que foron actualizadas de oficio polo SXOPRA as Guías de materias do primeiro cuadrimestre no referido á avaliación.

A realización do **Practicum** en servizos e institucións tivo que suspenderse ao igual que a actividade docente presencial. A Resolución Reitoral do 27 de marzo, de 2020 sobre as prácticas académicas externas do curso 2019/2020 resolve no artigo 3º que “as prácticas presenciais consideraranse realizadas e procederá realizar a memoria e emitir os informes correspondentes para os efectos da súa avaliación sempre que se tiveran acadados os obxectivos formativos básicos das mesmas. A estes efectos, entenderanse cumpridos estes

obxectivos cando as prácticas estiveran realizadas, cando menos, nun 50% da súa duración”, feito que se daba no Grao en Traballo Social.

Acolléndose á citada Resolución, na reunión da Xunta Delegada de Centro de 14 de abril de 2020 acordouse que se dera o practicum por realizado ao estar xa executado no seu 50%, e terse acadados os seus obxectivos básicos. Seguiríase en contacto co alumnado realizando o seguimento coas titorías programadas por parte das titoras académicas, para elaborar a memoria das prácticas realizadas.

Como consecuencia desta situación excepcional, fíxose unha adaptación á metodoloxía das titorías para o seguimento e apoio do alumnado. O profesorado titor optou entre as seguintes posibilidades, realizar a titoría por medios on line (zoom, teams..) ou ben a través da entrega á titora correspondente vía correo electrónico do material elaborado en relación á Memoria de prácticas para proceder a súa corrección. Algunhas persoas profesorado titor do practicum, por iniciativa propia, facilitaron o número do seu teléfono móbil para ter unha canle axil de comunicación co seu alumnado titorizado.

Na programación das prácticas estaban previstas as visitas in situ aos centros de prácticas como en cursos anteriores, pero polas circunstancias do confinamento que tiveron lugar, non foi posible realizar todas as previstas, e a información e valoración cos/as titores/as externos/as foi recollida primordialmente, por contacto telefónico e por correo electrónico.

Debido á emerxencia sanitaria pola COVID 19, tampouco se realizou o curso formativo destinado aos/as traballadores/as sociais titores/as de alumnado en prácticas, quedando aprazado para o seguinte curso 2020-2021.

Ampliouse o prazo de entrega da Memoria final de prácticas atendendo ás necesidades do momento.

A **avaliación das materias** do segundo cuadrimestre na súa primeira oportunidade, e na segunda oportunidade de todas as materias veuse afectada pola situación de docencia non presencial. No *Acordo do Consello de Goberno da USC de 22 de abril de 2020, e que afecta á avaliación da materia como consecuencia da suspensión temporal da docencia presencial, e ás Directrices para a organización da docencia e da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da emerxencia sanitaria pola COVID-19, do 27 de abril* establecéronse as modalidades de avaliación, e en base as mesmas o centro tiña que elaborar novo calendario de exames. Tanto as modalidades como datas de celebración das probas tiñan que facerse públicas e postas en coñecemento do alumnado antes 30 abril (art.7).

Na Xunta Delegada de Centro de 28 de abril de 2020 a Coordinadora de Título informou que as distintas modalidades de avaliación polas que o profesorado encargado das materias podía optar eran catro, e a maioría do profesorado do título optou pola modalidade de “avaliación continua sen proba final telemática”, e menos foron os que optaron pola modalidade de “avaliación continua e proba final telemática”. Así mesmo aprobouse na mesma reunión o calendario de avaliación especial 2019-2020 .

En canto ao procedemento para a presentación e defensa dos **Traballos de Fin de grao** nas *Directrices para a organización da docencia e da avaliación (27/04/2020)*, e conforme á *Resolución Reitoral do 27 de marzo e o Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril*, introducíronse unha serie medidas de carácter extraordinario, aplicables unicamente ao curso 2019-2020, e que afectaban tanto aos requisitos esixidos como ao procedemento:

- Sería posible presentar e defender o TFG aínda que non se completara e superara o período de prácticas curriculares. En todo caso, o traslado ao expediente do/a alumno/a da cualificación obtida no TFG quedaría condicionado á efectiva superación das prácticas.
- A presentación e defensa realizaríase por procedementos telemáticos, de acordo co sinalado no mesmo documento, e subsidiariamente na *Guía para a Realización de Probas finais telemáticas da USC (medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola covid-19)*.

- Con independencia do que establecera o *Regulamento do Traballo de Fin de Grao en Traballo Social*, contemplábanse dúas modalidades de defensa polas que podía optar o alumnado, facéndoa constar na súa solicitude de defensa:
 - a) Defensa diante dun tribunal.
 - b) Defensa diante só do /a titor/a.
- A defensa dos TFG, en calquera das modalidades realizárase dentro dos períodos que a USC sinalaba a tal efecto, desde o 5 ao 24 de xullo, e desde 3 ao 30 de setembro de 2020, e segundo o calendario establecido polo Centro. Ademais o Centro contemplou excepcionalmente, a defensa ata o 30 de novembro de 2020, cando por circunstancias xustificadas, o traballo non puidera terse defendido dentro dos prazos ordinarios.

Para a presentación e defensa do TFG por medios telemáticos, había que aterse á *Instrución 3/2020, da Secretaría Xeral sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso 2019/2020*. Na Comisión delegada de Xunta de centro de 18 de maio conforme á mesma acordouse o seguinte:

“1. A defensa de todos os traballos do curso 2019-2020 farase unicamente por medios telemáticos.

2. Con carácter previo á autorización da defensa realizarase unha análise automatizada de control da posible vulneración de dereitos de propiedade intelectual, podendo ser denegada a defensa do traballo se como consecuencia desa análise se detectase a vulneración dos citados dereitos. Para este fin, o Centro ven empregando a aplicación Turnitin facilitada pola USC, e tense establecido que o TFG non pode superar o 20% de similitude para obter o informe favorable da/do titora/or.

3. O centro fará pública na súa web, no taboleiro virtual e no espazo propio da materia TFG, a relación dos traballos polo tempo imprescindible, indicando a data na que se vai realizar a súa defensa, segundo o calendario que acompaña a este Acordo (ver Anexo I). Así mesmo informarase respecto ao tratamento de datos persoais que se realizará por mor da gravación do acto de defensa do TFG (ver Anexo II).

4. O Medio para a realización da sesión de defensa pública será a ferramenta corporativa da *USC MS Teams*. O desenvolvemento do acto de defensa realizarase baixo as seguintes condicións:

- Nos 15 minutos anteriores ao acto de defensa, todos os membros do tribunal, ou no seu caso o/a titor/a, e o/a estudante deberá conectarse a través da ferramenta corporativa indicada.

- O/a estudante deberá amosar o DNI ou pasaporte para acreditar a súa identidade.

- A continuación poderase incorporar á sesión o público que solicitase participar nela, sen que poida realizar intervencións:

- ✓ As persoas que desexen presenciar o acto virtual deberán solicitalo con cinco días de antelación á realización do mesmo. Farase ante a Dirección do centro, quen facilitará o enlace da sesión.

- O/a presidente/a do tribunal, ou no seu caso o/a titor/a, e tras a presentación do acto, dará a palabra ao/á estudante, que realizará a exposición oral, para a que dispón dun tempo máximo de 15 minutos.

- Rematada a exposición no suposto de defensa ante tribunal, o/a presidente/a actuará de moderador/a dando a palabra segundo corresponda aos distintos membros do tribunal e ao/á estudante, favorecendo unha comunicación fluída, e formulando cantas preguntas e cuestións consideren convenientes.

- No caso de que, debido a dificultades técnicas, non se garanta a interacción entre os membros do tribunal e o/a estudante, o/a presidente/a poderá suspender temporalmente a sesión ou adiala. No suposto de defensa diante do/a titor/a, ante esta situación, procederáse de igual maneira.

- A sesión ten que ser gravada para garantía de identificación e evidencia documental, seguindo as especificacións de uso de *MS Teams* que se recollen na *Guía para a realización das probas finais telemáticas*:

- ✓ As probas deben programarse no calendario de *MS Teams* para o envío da convocatoria ás persoas participantes.

- ✓ O/a estudante deberá identificarse entrando ao sistema coas súas claves corporativas (claves de identificación do/a alumno/a ante a USC).
- ✓ O/a presidente/a, ou no seu caso o titor/a, poderá pedirlle que amose a súa identificación á cámara ao inicio da proba (DNI, pasaporte ou TUI).
- ✓ Durante a realización da proba o/a estudante deberá actuar de acordo cos principios de mérito individual e autenticidade.
- ✓ O/a estudante só poderá facer uso dos materiais permitidos.
- ✓ A proba será gravada para garantir un proceso de avaliación adecuado e xerar evidencias da súa realización.
- ✓ Informarase ao alumnado desta circunstancia, notificándoo previamente no espazo virtual do TFG e ao comezo da proba (remite a anexo II da instrución).
- ✓ A oposición do/a estudante á gravación da proba impedirá a súa avaliación, co resultado académico correspondente.
- ✓ A gravación debe comprender a proba completa, incluíndo a actuación do/a estudante e a dos membros do tribunal, ou no seu caso do/a titor/a docente.
- ✓ Deberase comprobar que a gravación se está producindo correctamente.
- ✓ Dado que a cámara pode captar imaxes que afecten á intimidade de terceiras persoas e do/a estudante, este deberá:
 - Reducir o campo de acción da webcam.
 - Informar da circunstancia da proba ás persoas que conviven con el/ela, quedando a Universidade e o Centro exentos de responsabilidade en caso de incumprimento.
- ✓ O alumnado non pode gravar a proba cos seus propios dispositivos, e terá consecuencias académicas no caso de facelo.
- ✓ A gravación manterase ata que remate o curso académico seguinte.

5. Puntuacións máximas segundo a modalidade de presentación:

- ✓ Defensa ante tribunal: nota máxima 10 ptos.
- ✓ Defensa só ante titor/a: nota máxima 8,5 ptos.

6. A cualificación provisoria e revisión realizarase baixo as seguintes condicións:

- Rematada a sesión de defensa, no prazo de 48 horas como máximo, comunicarase ao/á estudante a cualificación, a través do espazo web do TFG, establecendo dúas datas alternativas para a revisión nos tres días hábiles seguintes.
- A revisión, realizarase por medios telemáticos. Nela deberá estar presente polo menos un dos membros do tribunal si se optou por esta modalidade.
- Do acto de revisión deberase deixar constancia, e se o/a estudante o solicitase, expediráselle a xustificación da súa realización.
- O/A estudante tamén poderá presentar alegacións desde a data de publicación de resultados ata a de peche da revisión, a través de correo electrónico dirixido á Coordinadora TFG. Neste caso darase resposta mediante comunicación por este mesmo medio.

7- Rematado o prazo de revisión, procederase á sinatura da acta para a incorporación da cualificación final ao expediente do/a estudante."

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Levou a cabo a comprobación da información pública relativa ao centro e titulacións impartidas no mesmo, tanto na web propia como no espazo correspondente dentro da web da USC.

Tanto na web propia (www.euts.es) como na web de centro da USC (<https://www.usc.es/gl/centros/tsocial/titulacions.html?plan=14096&estudio=14097&codEstudio=13649&valor=9>), atopase toda a información mínima que ten que facerse pública

O centro ten establecido publicitar a información académica e administrativa tanto nos taboleiros físicos como na web propia. No apartado novas vaise anunciando as novidades que se inclúen na web, maioritariamente con enlace directo ao apartado no que se desenvolve a información. Nos distintos apartados da web propia figura aquela información cuxo contido é de acceso libre, e no apartado *Taboleiro virtual*, que é de acceso restrinxido ás persoas que conforman a comunidade docente cada curso académico, figura aquela información que contén datos de carácter persoal ou académico.

O desenvolvemento do primeiro cuatrimestre do curso 2019-2020 realizouse dentro da normalidade tanto no seu aspecto docente como administrativo. Coa declaración do estado emerxencia por parte da Xunta de Galicia e do estado de alarma por parte do Goberno Central e a situación sanitaria producida como consecuencia da COVID 19, á USC publica as resolucións reitorais dos días 12, 13 e 14 de marzo de 2020 que establecen a suspensión de xeito temporal da actividade docente presencial (incluíndo as prácticas en empresas, organismos e institucións), e peche das instalacións da USC (RR do 13 e do 14 de marzo).

A partires deste momento, todo o persoal da EUTS teletraballa. A situación creada co paso á docencia en liña e a suspensión das prácticas obriga a adaptación dos procedementos administrativos, programas das materias, das prácticas, incrementar a información ao alumnado e ao profesorado e a creación por parte da USC e dos centros dunha normativa que regule estas situación. A EUTS solicita á USC a equiparación do "portal do estudante" da web propia coas aulas virtuais da USC por ser esta a canle que se ven utilizando co noso alumnado e da que xa coñecen o seu funcionamento, recibindo unha resposta positiva por parte da USC.

Os días 6, 7 e 8 de abril, a coordinadora de título, M^a Elena Puñal e dúas persoas de administración, participan nos encontros virtuais: Encontros na Zona USC cunha sesión de videoconferencia de dúas horas de duración cada día. Na mesma se inclúe un vídeo de presentación dos estudos elaborado por profesorado do Centro.

A Secretaría Xeral publica a Instrución 2/2020 que regula o réxime especial de avaliación do curso 19-20 establecendo instrucións específicas sobre a aplicación da nota media nos supostos do artigo 4.3 do acordo do consello de goberno do 22 de abril de 2020. Para o desenvolvemento operativo do establecido neste acordo de goberno, a USC publica as Directrices para a organización da docencia e da avaliación do curso 2019-2020 e se publica a instrución 3/2020 da Secretaría Xeral sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas así como unha guía para a realización das mesmas (publicada o 28 de abril de 2020) onde se recollen as especificacións técnicas, de seguridade e de protección de datos para os diferentes tipos de probas.

O 5 de xuño publícase a Instrución 4/2020 da Secretaría Xeral relativa ao adiamento da defensa dos traballos de fin de estudos e da realización de prácticas académicas no curso 2019-2020, máis alá do período ordinario aprobado na USC para estas materias.

A USC elabora unha serie de instrucións: Instrución sobre nota media na avaliación, instrución sobre as prácticas externas, modificación del calendario académico del curso etc

A USC publica, no mes de xuño, as Bases para unha docencia presencial segura para o curso 2020-2021 coas posteriores actualizacións e a Guía COVID 19 da USC sobre a actuación da mesma ante a aparición de casos nos centros

Desde a EUTS realízase un importante esforzo para que o alumnado e o profesorado dispoña de toda a información e os cambios que se van producindo o antes posible, introducindo a información na páxina web con avisos das novidades no espazo de novas da mesma e establecendo as seguintes medidas:

- Desvío do teléfono da EUTS para poder seguir atendendo ás chamadas recibidas.
- Envío de correos electrónicos a todo o alumnado matriculado no centro cando se producía calquera novidade no desenvolvemento da docencia, avaliación, axudas etc que fosen do seu interese.
- Actualización continua da nosa páxina web de calquera medida, aviso etc.
- Creación de tres chats a través da plataforma MS Teams de atención directa en relación á:
 - Consultas a secretaría (unha hora diaria), consultas sobre matrícula, validacións, intercambio, etc. Activo desde o 13 de abril ata o 30 de xullo.
 - Biblioteca (unha hora diaria). Activo desde o 18 de maio ao 30 de xullo.
 - Curso cero – elaboración de traballos (unha hora diaria). Activo desde o 18 de maio ao 30 de xullo.
- Elaboración dun vídeo de presentación dos estudos de grao en traballo social.
- Elaboración de instrucións dirixidas ao profesorado para facilitar a adaptación das guías docentes das materias.
- Elaboración de manual para o uso e a creación de grupos en teams dirixido ao profesorado do centro.
- Elaboración de manual sobre o acceso aos chats por parte do alumnado coas instrucións de uso da aplicación, que estivo colgado na web do centro.
- Elaboración de manual dirixido ao profesorado do uso do portal do estudante.
- Solicitud á USC de defensa ante titor do alumnado que así o solicitase así como da modificación do calendario establecido para as defensas.
- Elaboración do Protocolo propio da EUTS de prevención e hixiene ante a COVID 19 que foi aprobado en Xunta de Centro o 30 de xullo de 2020.
- Para facilitar ao alumnado os distintos procesos de solicitude a través da internet procedeuse a dixitalización de todos os impresos que a EUTS ten colgado na web do centro. O proceso iniciouse cos impresos de solicitude de defensa de TFG e de entrega da memoria do practicum (para elaboración das actas individualizadas), posteriormente se dixitalizaron os impresos de inscrición no centro e a partir de setembro de 2020 fóronse dixitalizando o resto dos impresos rematando este proceso no mes de outubro de 2020.
- Elaboración dun tutorial para a creación de ID digital en Acrobat Reader para a sinatura dos impresos dixitalizados.
- Convocatoria e xestión dunha axuda puntual e extraordinaria por parte da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais* dirixida ao alumnado do centro que estivese pasando por dificultades engadidas como consecuencia da pandemia.

Como medida de reforzo na comunicación de cuestións importantes que atinxen directamente a cada un dos grupos de interese, envíanse correos electrónicos persoais a cada un dos membros de cada grupo de interese, cando se entende que é aconsellable pola relevancia da información que se quere transmitir.

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación alcanzou, no curso 2019-2020, 4,29 sendo superior á media da USC que é 3,43 (2502230_INF.09_2019-2020). Non constan datos sobre o grao de satisfacción coa información pública dispoñible (IN23G) ao non facerse esa pregunta nas enquisas de satisfacción realizadas pola USC.

Ao inicio de cada curso académico, a EUTS realiza unha enquisa propia dirixida ao alumnado de novo ingreso.

Dos 79 alumnos/as ingresados no curso 2019-2020, 71 respostan esta enquisa. Na mesma, no punto 5, obtense información que permite analizar a información pública dispoñible sobre a titulación. A consulta realizada é: Tiveches algunha dificultade para obter información sobre a titulación de Traballo Social neste centro?. O resultado obtido é que o 95,8% dos enquisados/as indican que non tiveron dificultade (68) fronte ao 4,2% (3) que indicaron que sí tiveron algunha dificultade para atopar algunha información concreta.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Valórase que ao longo do curso 2019-2020 funcionaron adecuadamente os procedementos establecidos na titulación e no centro de cara á recollida de información que permite elaborar distintos documentos nos que se valora a toma de decisión e a posible mellora do título, caso do Informe de coordinación presentado na Comisión de Título celebrada o 30 de outubro de 2020, os propios do SGIC, e os xerados por órganos colexiados segundo proceda.

Reunións da Comisión de Título no curso 2019-2020 celebráronse 17 reunións, desde o 13 de marzo de 2020 estanse a celebrar en remoto a través de teams. Nese órgano é no que se abordan cuestión académicas, pero tamén é un espazo que permite a coordinación a este nivel.

No curso obxecto de análise debido á Declaración de estado de alarma e o conseguinte confinamento que supuxo o paso á docencia on line, e o teletraballo domiciliario, hai indicadores dos que este curso non poden ser avaliados por carecer de datos. Así non poden ser obxecto de análise a satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15G), satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (IN19G), satisfacción dos tiores profesionais coas prácticas externas (IN20G), satisfacción dos tiores académicos coas prácticas externas (IN21G), satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G), satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G).

Ao longo do período de docencia en remoto as reunión por teams incrementáronse dun xeito notable, tanto do equipo de dirección, entre este e o profesorado, titoras académicas Practicum, e tiores traballos de fin de grao.

Si se dispón de datos de satisfacción de alumnado coa docencia recibida, e de profesorado coa docencia impartida.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida mantense en valores por encima de nos últimos 5 cursos. e acada o seu valor máis alto de 4,17 (IN46G) no curso obxecto de seguimento. Así mesmo a satisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén se mantén en valores superiores a 4 sobre 5, en concreto 4,41 (IN47G), sendo lixeiramente inferior que os cursos inmediatamente anteriores.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Satisfacción do alumnado Coa docencia recibida(1-5) IN46G	4,22	4,20	4,19	4,15	4,27
Satisfacción do profesorado coa Docencia impartida (1-5) IN47G	4,40	4,48	4,43	4,64	4,41

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Estaba contemplada para ser implementada unha acción de mellora referida á revisión do SGI de calidade fortalecendo o papel da Comisión de calidade do centro, ao respecto da particularización do manual Simplificado de Garantía Interna de Calidade. O seu inicio estaba previsto para o 20 de xaneiro de 2020, e o remate o 20 de xullo de 2020. A situación de confinamento no Estado de alarma alterou a previsión inicial e non se abordou esta cuestión en canto á particularización de cada capítulo do manual de procesos do SGIC no centro.

O pasar da docencia presencial a on line supuxo un sobre esforzo para poder desenvolver a docencia ,e unha dedicación importante á atención ao alumnado por correo electrónico ou por teams, polo que cuestións como a revisión do SGI quedaron relegadas a un segundo plano.

3.3.- O SGC implantado revisase e periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ao non levarse a cabo no ano 2020 a acción de mellora encanto á particularización do manual Simplificado de Garantía Interna de Calidade, estímase procedente retomala e propoñela de novo no marco do curso 2020-2021.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Escola Universitaria de Tránsito social comeza o curso 2019-2020 cun total de 13 profesores/as, sete con adicación completa (53,8% e 6 con adicación parcial (46,2%). O número de doutores/as é de 7 (53,8% do total), 3 con adicación completa e 4 con adicación parcial.

O descenso no número de profesores respecto do curso anterior débese á baixa dunha materia optativa, que deixou de ofertarse, sendo substituída por outra materia non activada ata o momento pero dentro da oferta de optatividade recollida na Memoria de Título.

O perfil académico do profesorado considérase idóneo para a titulación, cunha ampla traxectoria de experiencia docente na titulación para o conxunto e unha porcentaxe do 46,2% que posúen unha dobre titulación, é dicir, son titulados/as en Tránsito Social con outra titulación engadida (Socioloxía, Ciencias Políticas e Filosofía). Respecto a 1º curso, o 83,3% son doutores e o 33,3% posúen outra titulación engadida á de Tránsito Social. En canto ás prácticas externas, todo o profesorado que titoriza posúe dobre titulación, sendo requisito deste centro que unha delas sexa a titulación de Tránsito Social. En referencia ao Tránsito de Fin de Grao, tendo en conta que neste centro a maioría do alumnado ven vinculando o traballo ao campo de prácticas, tamén a maioría dos/as titores/as son titulados en Tránsito Social (só hai un caso que non posúe a titulación).

Vese incrementada un ano máis a nota media de acceso por preinscripción, que pasou dun 7,35 no curso anterior ao 7,78 no 2019-20.

Respecto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, o dato neste curso reflexa unha pequena baixada cunha media de 4,41 (4,64 para o 2018-19).

Respecto ás enquisas de satisfacción coa docencia recibida, no curso 2019/-20 distínguese entre satisfacción coa docencia recibida (Graos) e satisfacción coa docencia recibida (Graos) Covid-19. Respecto ós resultados para a primeira, mellora a taxa de participación, acadando o 46,42% (34.64% no curso 2018-

19). A satisfacción media do alumando incrementouse ata un 4,33 (4,15 no curso 2018-19), valores por encima dos obtidos para a rama de Coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas cun 3,94, e para o conxunto dos graos da USC (3,98). No que respecta á satisfacción coa docencia recibida (Graos) Covid-19, baixa de xeito acusado a participación 18,75%, e tamén baixa a satisfacción media do alumnado a un 4,03 que sen embargo resulta por encima da acadada para a rama de Coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas (3,82) e para o conxunto dos graos USC (3,84).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de persoas na categoría de persoal de apoio non sufriu variacións: 6 persoas, aínda que si hai cambios na adicación, unha persoa pasou de adicación parcial a adicación completa. As categorías son: unha persoa con categoría de persoal administrativo de nivel directivo, tres con categoría de xefe de sección (dúas asignadas a administración e unha a biblioteca), unha con categoría de axudante de biblioteca e unha con categoría de servizo de limpeza.

O Índice de satisfacción do PAS increméntase con respecto a 2018-19 (3,18), acadando unha media de 4,25.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Un obxectivo prioritario da EUTS continúa a ser e a mellora e renovación do equipamento informático. Neste curso adquiríronse tres proxectores para as aulas.

A biblioteca da EUTS, seguindo o protocolo establecido para as medidas protección contra a covid-19, reduce os seus postos de traballo a 18 (32 postos 2018-19) na sala de consulta e a un equipo informático (2 equipos 2018-19) para acceder á consulta de fondos. Estes, a 31 de decembro de 2020, acadan unha cifra de 13.555 volumes, incrementándose en 21 con respecto ao ano anterior. Mensualmente o persoal de biblioteca envía información ao profesorado vía correo electrónico, informando sobre as novidades editoriais incorporadas. Esta mesma información achégase ao alumnado a través da páxina web do centro.

Respecto aos egresados/as, a taxa de éxito segue acadando valores elevados (93.08).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa de rendemento aporta información sobre a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. O valor desta taxa no curso 2019-2020 é o máis alto de todos os cursos académicos analizados (94,40%), superando en 7,66 puntos o obtido no curso académico anterior.

Taxa de rendemento	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020
IN34G					
EUTS	85,53	87,13	86,33	86,74	94,40

A taxa de rendemento na EUTS para curso académico obxecto desta análise é de 94,40, moi superior á media da USC (88,71) e á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (87,10), cunha diferenza de 5,69 por enriba da USC e 7,3 puntos por enriba da Área de referencia.

Taxa de rendemento	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020
IN34G					
Media Área de Ciencias Sociais e xurídicas	76,46	77,17	77,89	79,14	87,10
Media USC	76,79	78,31	78,48	79,49	88,71
EUTS	85,53	87,13	86,33	86,74	94,40

É destacable que en todos os cursos académicos analizados, a taxa de rendemento do alumnado alcanza o valor máis elevado no 4º curso de grao.

Respecto aos catro cursos do Grao de Traballo Social, a taxa de rendemento aumenta progresivamente a medida que o alumnado vai subindo de curso, e isto acontece no último curso académico que é obxecto desta análise (2019-2020) e nos cursos académicos 2015-2016 e 2016-2017.

No curso académico 2017-2018, a taxa de rendemento aumenta ao pasar de 1º a 2º curso e de 3º a 4º curso, e no curso 2018-2019 aumenta progresivamente ao pasar de 2º aos cursos superiores.

Taxa de rendemento (IN34G)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-2020
1º curso	69,76	79,69	76,41	85,73	92,30
2º curso	86,00	85,87	90,68	83,95	94,83
3º curso	88,80	90,66	90,08	87,90	96,16
4º curso	95,99	98,19	94,27	91,19	97,78
Sen asignación a curso	78,85	69,05	56,25	93,02	56,10
Total (%)	85,53	87,13	86,33	86,74	94,40

A taxa de éxito mide a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron. No curso 2019-2020, obxecto deste análise, o valor desta taxa tivo un gran incremento respecto aos cursos anteriores, representando o 97,23%, e incrementándose respecto ao curso anterior en 6,09 puntos.

Taxa de éxito	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020
IN35G					
EUTS	89,98	91,79	90,49	91,14	97,23

A taxa de éxito na EUTS no curso académico 2019-2020, ao igual que en cursos académicos anteriores, é moi superior á media da USC e á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,06 e 4,43 puntos respectivamente).

Taxa de éxito	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020
IN35G					
Media Área de Ciencias Sociais e xurídicas	87,12	87,50	87,19	87,86	92,80
Media USC	86,20	87,35	87,21	87,78	94,17
EUTS	89,98	91,79	90,49	91,14	97,23

A taxa de éxito, nos cinco cursos académicos analizados, adquire os valores máis elevados no cuarto curso do grao. Respecto ao curso académico obxecto desta análise (2019-2020), esta taxa aumenta progresivamente acadando o valor máis elevado en 4º curso (99,80%), e é o valor máis alto de todos os cursos analizados.

Taxa de éxito (IN35G)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-2020
1º curso	78,83	86,54	82,73	91,04	95,40
2º curso	88,45	89,66	92,73	87,46	96,98
3º curso	91,55	94,85	91,87	91,43	97,69
4º curso	98,30	99,56	98,69	96,12	99,80
Sen asignación a curso	100,00	82,86	100,00	100,00	100,00
Total (%)	89,98	91,79	90,49	91,14	97,23

Enténdese por **taxa de avaliación**, a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios nos que están matriculados. De todos os cursos académicos analizados, esta taxa adquire o valor máis elevado no curso académico obxecto deste análise (2019-2020) cun valor de 97,09.

Taxa de avaliación	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020
IN36G					
EUTS	95,05	94,93	95,40	95,17	97,09

En todos os cursos académicos analizados, a taxa de avaliación na EUTS é moi superior á da USC e a da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas. No último curso académico obxecto desta análise (2019-2020), a EUTS supera en 2,88 puntos o valor medio da USC e en 3,23 o valor medio da Área de referencia.

Taxa de Avaliación	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020
IN36G					
Media Área de Ciencias Sociais e xurídicas	87,77	88,19	89,33	90,07	93,86
Media USC	89,08	89,66	89,99	90,55	94,21
EUTS	95,05	94,93	95,40	95,17	97,09

A taxa de avaliación no curso 2019-2020 adquire o valor máis elevado en 3º curso (98,44) seguido de 4º curso (97,97). Esta taxa de avaliación, tamén acada o valor máis alto en 3º nos cursos académicos 2017-2018 e no 2018-2019, mentres que nos cursos académicos 2015-2016 e 2016-2017 esta taxa é máis alta en 4º curso.

Taxa de avaliación (IN36G)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-2020
1º curso	88,50	92,09	92,36	94,17	96,75
2º curso	97,23	95,78	97,79	95,99	97,78
3º curso	97,00	95,57	98,05	96,13	98,44
4º curso	97,65	98,63	95,52	94,86	97,97
Sen asignación a curso	78,85	83,33	56,25	93,02	56,10
Total (%)	95,05	94,93	95,40	95,17	97,09

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de prazas ofertadas, continua a ser un ano mais de 80. Respecto á demanda no curso 2019/2020, a taxa de ocupación das prazas ofertadas foi de 98,75%, lixeiramente inferior ao do curso anterior (107,50 %). Dato que segue a ser positivo, posto que supón case a ocupación total das prazas.

Estes datos, veñan a demostrar a consolidación da cobertura total das prazas ofertadas para esta titulación.

A enquisa propia que o centro realiza anualmente, coa finalidade de coñecer o perfil do alumnado de novo ingreso, foi cumprimentada por 71 alumnos/as, 6 mais que no curso anterior, do/as cales 41 solicitaron o ingreso nesta titulación e neste centro como primeira opción. Os principais canles de coñecemento dos estudos foi Internet (por iniciativa propia), o 28,1%, seguido de familiares, 25,0%. En terceiro lugar, sitúase o coñecemento da titulación a través de amizades 20,8%, desprazando aos orientadores/as de institutos que o ocupaba este posto no curso anterior. Coincide co curso anterior o número de persoas que manifestaron non ter dificultades para obter información sobre o centro (68).

Estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas

Para esta análise utilizouse o indicador IN10C, remitido pola ACEMP da USC.

Estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Centro	52,22	60,00	63,75	67,50	70,00	62,50

Fonte: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal, SIIU (Ministerio de Educación)

No curso 2019-2020 a porcentaxe do alumnado preinscrito en 1ª opción matriculado por 1ª vez sobre as prazas ofertadas, descende case 8 puntos respecto o curso anterior. Valor que se sitúa na medio dos últimos 6 anos (62,66).

No curso analizado presentáronse 301 solicitudes, cifra que acada ás 300, ao igual que en cursos anteriores. Destas solicitudes, 297 procedían da cota xeral, 3 de titulados universitarios e 1 persoa maior de 25 anos. (Informe 2502230 INF CIUG 2019-20)

Preferencias en canto a solicitude e matrícula nesta titulación

Opción	Curso 2018-19		Curso 2019-20	
	% Solicitude	% Matrícula	% Solicitude	% Matrícula
Primeira	24,1	65,4	22,3	63,3
Segunda	21,6	21,0	16,3	7,6
Terceira	12,8	8,6	23,9	20,3
Cuarta	19,7	2,5	19,3	5,1
Quinta	15,3	2,5	12,0	1,3
Sexta	-	-	4,0	2,5
Sétima	-	-	0,3	-
Oitava	-	-	1,0	-
Novena	-	-	-	-
Décima	-	-	1,0	-

Os datos do curso 2019-20, relativos á 1º opción de preferencia, son similares aos do curso anterior. Respecto á 2ª opción son lixeiramente mais baixos, ao contrario do que acontece na 3ª opción, que no curso 2019-20 dobran aos do curso anterior. Por outra parte, sinalar que se presentaron 19 solicitudes, que indicaron opcións que van desde a 5ª á 10ª.

Os **resultados** do programa formativo analízanse a través dos indicadores seguintes:

Taxa de graduación

Para a análise da taxa de graduación utilizouse o indicador IN37CG, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de graduación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Centro	75,27	69,66	78,31	76,09	80,65	72,34

A taxa de graduación no curso 2019-2020, descendeu en 8,31 puntos en relación ao curso anterior, acadando o valor mais baixo dos últimos 6 anos, e por debaixo da media de estes (75,38).

Taxa de duración media dos estudos

Para a análise da taxa duración media dos estudos utilizouse o indicador IN38CG, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de duración media dos estudos	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Centro	4,14	4,15	4,34	4,17	4,35	4,26

A taxa de duración media dos estudos, no curso 2019-2020, descendeu respecto ao curso anterior en 0,9 puntos, e acada un valor que se sitúa na media dos últimos 6 anos (4,23).

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)

Para a análise desta taxa, utilízase o indicador IN53CG, remitido pola ACEMP,

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Centro	96,37	94,05	94,27	93,85	93,08

A taxa de eficiencia do curso 2019-20, acada case un valor idéntico ao do curso anterior (93,08 e 93,85 respectivamente), pero representa o valor mais baixo dos últimos 5 anos.

Taxa de abandono durante o primeiro curso

Para a análise da taxa de abandono durante o primeiro curso utilizouse o indicador IN40CG, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de abandono durante o primeiro curso	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Centro	11,24	12,05	17,39	4,84	17,02	27,54	13,64

A taxa de abandono durante o primeiro curso, no 2019-2020, descendeu en 13,9 puntos respecto ao curso anterior.

Taxa de abandono RD 1393/2007

Para a análise da taxa abandono RD 1393/2007 utilizouse o indicador IN41C, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de abandono RD 1393/2007	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Centro	15,05	23,60	16,87	21,74	9,68	21,28

A taxa de abandono RD 1393/2007, ao contrario do que acontece coa taxa de abandono anterior, incrementouse no 2019-2020 en 11,6 puntos, e acada o mesmo valor que no curso 2017-18.

Taxa de éxito

Para a análise da taxa éxito utilizouse o indicador IN35CG, remitido pola ACEMP

Taxa de éxito	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
	95,42	89,98	91,79	90,49	91,14	97,23

A taxa de éxito da titulación, supón no curso 2019-20 o valor mais alto dos últimos 6 cursos, incrementándose en 6 puntos respecto ao curso anterior.

Taxa de éxito dos egresados

Para a análise da taxa éxito dos egresados utilizouse o indicador IN50CG, remitido pola ACEMP

Taxa de éxito dos egresados	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
	96,90	94,70	94,27	93,85	93,08

A taxa de éxito dos egresados no 2019-20, é de 93,08, o que supón un valor similar ao do curso anterior.

Taxa de idoneidade na graduación

Para a análise da taxa idoneidade na graduación utilizouse o indicador IN51CG, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de idoneidade na graduación	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Centro	60,67	67,47	69,57	67,74	53,19

A taxa de idoneidade na graduación, presenta no curso 2019-2020, o valor mais baixo dos últimos 5 anos analizados, e 10 puntos por debaixo da media destes cursos (63,72).

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

